

OS PIOLLOS.

Ante a preocupación creciente entre varios pais e nais sobre a preocupación de atopar piollos nos seus fillos/as vou facer algunhas aclaración saos respecto.

Os piollos soen aparecer nos nenos e nas nenas na idade escolar pero os pais e as nais quedan atónitos cando chega o momento en que estos bichiños aparecen na cabeza dos seus fillos/as. Dirlles que non é un problema de hixiene, resulta un pouco desagradable pero so nos queda eliminalos cun tratamento.

E importante saber que calquera persona pode sufrir pediculosis pero é máis común nos nenos/as en idades comprendidas entre os catro anos e dez anos aproximadamente.

PREVENCIÓN.

Revisión da cabeza dos nenos e das nenas.

Labar a miudo gorros bufandas cazadoras..

Dicirle aos rapaces que non deben compartir as prendas, nen as toallas nen as almofadas. Nen os adornos que leven na cabeza.

Debes de comunicalos aos mestres se o teu fillo/a ten piollos, para evitar a súa propagación.

Por norma xeral o neno que recibe un tratamento de pediculosis pode asistir a clase tomando as debidas precaucións.

SÍNTOMAS

Cosquilleo na cabeciña.

Picor insoportable.

Irritación e enrojecimento da pel.

Erupcións e llagas que poden infectarse.

VERIFICACIÓN DA EXISTENCIA DOS PIOLLOS.

Só a través da inspección das cabezas poden localizarse estes bichiños, poden estar na raíz do cabelo nas orellas na nuca. Pillarlos é complicado polo que conven ir a farmacia e aplicar o tratamento.

Tamen temos que detectar si al liendres puxeron ovos (para elo podemos usar unha lupa) os cales pódense confundir coa caspa, resulta moi útil un utensilio chamado lindrera deseñado para arrancar as liendres e piollos ao seu paso.

TRATAMENTO.

Existen varias formas de erradicarlos:

Ir a farmacia e seguir o tratamento e a forma máis común para eliminalos.

Debes saber que tratamentos caseiros como votar vinagre non posuen cualidades bactericidas ou de outro índole para eliminar aos parásitos.

Non debemos permitir que os nosos fillos e fillas manipulen os produtos de matar os piollos eles sós ten que haber unha supervisión dos adultos.

Se o rapaz presenta irritación ou feridas deben ir ao centro de saúde ou a o seu pediatra. Se non é posible dada a pandemia que estamos a vivir consultar co farmacéutico que nos pode dar unha solución sobre o que tes que facer.

UNHA VEZ SOLUCIONADO O PROBLEMA.

Desinfectar todos os utensilios de hixiene da casa dende toallas ata os cepillos.

Realizar unha profunda limpeza da casa e do coche.

Limpar toda a roupa que estivo en contacto cos insectos nas últimas semanas.

Espero que vos resulten de axuda estas orientacións

Atentamente

Estrella Monelos

Directora do CEIP Sanjurjo de Carricarte.